

A comarca recibirá preto dun millón de euros da Deputación

A Deputación da Coruña vén de aprobar un plan extraordinario, o Plan de Cooperación, que achegará aos catro concellos da comarca 989.050 euros. O concello de Melide será o municipio máis beneficiado ao percibir 363.500 euros. O concello de Sobrado dos Monxes recibirá do organismo provincial unha achega de 240.100 euros, mentras que Santiso contará cunha axuda de 206.300 euros. Toques recibirá 179.000 euros.

O Plan de Cooperación que aprobou o pleno da Deputación coruñesa extenderase a todos os municipios da provincia, e pretende achegar as axudas aos concellos para que poidan sacar adiante obras e a adquisición de certos equipamentos. O plan extraordinario deixará nos municipios da Terra de Melide partidas superiores ás achegadas polo Plan de Obras e Servizos. Os concellos poderán solicitar actuacións de máis de 31.000 euros **P5**



Días grandes para os afeccionados á pesca

Os amantes da pesca están de noraboa. O mes pasado abriuse a tempada, e dende entón os ríos da zona énchense de afeccionados e amantes da pesca. Os quilómetros de ríos que cruzan os concellos da Terra de Melide resultan o escenario ideal para a práctica deste

deporte, que conta ademais con diversos torneos organizados polos colectivos de troiteiros da zona. O 1 de abril Ponte Mazaira celebrará unha proba de captura e solta, e o 14 Troiteiros Río Furelos organiza o II campionato de pesca Terra de Melide **P6 e 21**

MELIDE

O Xacobeo reformará o albergue tralos verán
Tralo remate do verán o Xacobeo investirá no albergue de Melide máis de 200.000 euros. A achega irá destinada a efectuar reparacións na instalación, e reestructurar o seu interior a fin de incrementar a súa capacidade **L6**

MELIDE

O melidense Xesús Ferreiro competirá na Copa de España de Coches históricos A primeira proba celebrarase en maio en Santander. Ferreiro prevé disputar outras 7 probas, co obxectivo claro de acadar o título en liza **L10**

EMPRESA

A directora xeral de Comercio visitará Melide A responsable de comercio da consellería de Innovación e Industria participará nun encontro co comercio organizado por ASETEM-CCA para o 10 de abril ás 20.30 horas na sede do colectivo empresarial e comercial melidense **L17**

CULTURA

A terceira Foliada de Melide celebrarase o 29 de abril A agrupación folclórica Castelo organizará a terceira edición da festa, que contará con diversas actividades ao longo de todo o día. Unha deca de formacións chegadas de toda Galicia participarán na festa **L22**

Editorial

Visítanos Ana Rúa



O día 10 de abril o salón de actos da Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto abrirá as súas portas para recibir á Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, Ana Rúa. Será a primeira visita da responsable de comercio a ASETEM-CCA dende o seu nomeamento, e cremos que é unha oportunidade para todos os melidenses. Ese día as portas da sede estarán abertas de par en par para que todos os melidenses que queiran, pero especialmente os vencellados ao mundo do comercio, poidan acudir ao encontro. Un dos obxectivos que temos dende o noso colectivo é defender os intereses do pequeno comercio da comarca, que é, a pesar das súas dificultades, un dos motores da economía melidense. Coa visita de Ana Rúa todos os asistentes poderán coñecer de primeira man o

que se está a poñer en marcha dende a Dirección Xeral de Comercio para revitalizar os pequenos establecementos coma os de Melide.

Cremos que é unha oportunidade única para que Rúa nos expoña o punto de vista das institucións, e as medidas que a Xunta está a adoptar para impulsar o comercio local. As axudas, as campañas como a de As cores da rúa (na imaxe), ou os plans serán explicados de primeira man, ao tempo que os comerciantes melidenses terán a oportunidade de transmitir á máxima responsable de Comercio as súas inquedanzas.

A visita de Ana Rúa servirá para que coñeza de primeira man a situación do pequeno comercio de Melide, e para que, os interesados lle prantexen suxestións enfocadas a encamiñar de novo o rumbo do comercio local.

Tribuna de opinión

Patrimonio

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Hai apenas uns días saía á luz un caso de flagrante abandono do patrimonio. Neste caso o nome e apelidos en cuestión viña sendo un cruceiro do século XIX ubicado en Vilamor, Toques. E digo neste caso, porque lamentablemente, só se trata dun caso máis dos moitos que nos poden rodear. Por algunha extraña razón aínda non estamos suficientemente concienciados co significado do patrimonio. A riqueza patrimonial dos pobos



debería gardarse e resgardarse coma ouro en pano, pero, lamentablemente, como semella que aínda non da votos nin quita, e non resulta altamente productivo, pois non interesa. Ou, alomenos, non interesa en exceso, ou mesmo o suficiente.

Volvendo ao caso do cruceiro de Vilamor, ao parecer, leva preto dun ano tirado no chan. Esnaquizado. Pero como o conformismo do que sempre se tildou o carácter galego, semella seguir medio vixente, pois aí estaba, e como para celebrar unha procesion, pois tampouco fai falla o Pirulí de TVE, pois celebrábase igual.

A desidia chega a extremos case insospeitables en casos coma este, no que un ano despois, e a pesares de que os responsables tiñan coñecemento dos feitos, o monumento seguía igual.

Somos todos culpables. A deixadez está a lastrar a nosa evolución porque non somos quen de poñer en valor a nosa historia nin o noso patrimonio. E o peor, é que todo segue igual, e así, non se mira ao futuro.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN e ReDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Vanessa Martínez Iglesias, BRINQUEDIA, Ana Iglesias Pallares.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, Mª Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Se queres informarte da
tarifas publicitarias de
Cerne, chama ao
981.50.61.88.

Infórmate sen compromiso

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O futuro de Melide está en xogo

Faltan só dous meses para que Melide elixa aos seus gobernantes para os próximos catro anos e, entre eles, á persoa que exercerá de alcalde ou alcaldesa da vila. Pero non é isto o máis importante que se vai decidir o 27 de maio, día das eleccións municipais. O fundamental é que se vai elixir ás persoas que van traballar e pedir cousas importantes para que Melide deixe de perder poboación, para que haxa máis solo industrial, para que todos os melidenses teñan máis e mellores servizos públicos. O BNG ten moi claro que o 27 de maio está en xogo o futuro de Melide e, por iso, cómpre nesta ocasión reflexionar e actuar de xeito responsable. A verdade é que cada vez son máis os melidenses que teñen claro que o BNG gobernando na Xunta e na Depu-tación ofrecerá todo o seu apoio á candidata do BNG de Melide para que poida levar

a cabo todos os proxectos positivos e necesarios para o concello. Nótase dende hai tempo que os veciños e veciñas de Melide queren un cambio, un cambio real, e ese cambio só se pode conseguir se o 27 de maio gaña a única alternativa política ilusionante, seria e capaz de cambiar o noso concello. Os melidenses saben que o BNG é o responsable na Xunta de todas as consellerías relacionadas co agro, co empresariado, co co-mercio, coa vivenda, co turismo, coa cultura, coa música, co deporte, coa xuventude, cos servizos sociais, coa atención aos maiores e discapacitados, coas garderías ou cos centros de día, por só citar uns exemplos.

Saben que o futuro de Melide está en xogo e responderán de xeito intelixente e responsable o próximo 27 de maio, porque co futuro dunha vila non se xoga.

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

A frenética carreira de rebacheo

Xa empezou o devir dun lado a outro dos operarios do concello, mandados polo equipo de goberno, nunha carreira frenética tapando e rebacheando os buracos das pistas do concello de Melide.

Non importa que leven meses sen reparar, pero é como si os deixaran para a cercanía das eleccións municipais intentando enganar a uns poucos, por que outros xa se dan conta da xogada e da estratexia que utiliza a nosa alcaldesa.

Non é nada novo que suceda esto, porque fai moitos anos xa o practicaban outros derixentes con distintos resultados, pero como se ve volve a repetirse o de sempre, cando se tería que atender as necesidades polo feito de ser necesaria a súa intervención

correspondente.

Tamen empezou o carrexo de zahorra e de grava, o mesmo do mesmo, cando aínda hai restos de materiais en fincas e eiras das pasadas eleccións municipais. Hai pedaneos que teñen liberdade para dispoñer de tubos o seu antoxo, claro está dándollos os que comulgan con eles, doutro xeito non é posible que poidas ter a posibilidade de que chos den aunque sean de necesidade imperiosa. De esta forma intentan "conquistar" ós veciños con unha actuación que fan na cercanía das eleccións como se de necesidade das mais acuciantes se tratara, cando a obriga e de estar reparando de continuo e non esperar estas datas para enganar os menos, porque outros xa non comulgan con rodas de muiño.

CIDADÁNS DE GALICIA

Señora Alcaldesa:

Falabamos en números atrás sobre a necesidade de pechar un ciclo e abrir outro en relación á vida política do pobo. Pois ben, se leron o último informativo municipal daríanse conta de que a palabra cambio ou renovación non aparece por ningún lugar e o afán de continuidade é manifesto pois a Alcaldesa nos di que ela e o seu equipo se sinten satisfeitos co traballo realizado; e algúns cidadáns de Melide preguntámonos que persoa se pode sentir satisfeita coa situación desastrosa na que se atopa o concello.

Fala a Alcaldesa sobre o retraso na publicación do boletín pois gran favor se faría se non saíse a rúa; coma sempre os proxectos de envergadura son iso, proxectos, e os realizados brilan pola súa ausencia. Sra. Alcaldesa a credibilidade obtense con feitos que afectan a *vida cotiá*, non se precisan grandes fazañas.

Falaba fai uns anos da instalación da autopista da comunicación

(Internet) nas aldeas, pois Sra. Alcaldesa mire primeiro de arreglar as pistas que levan a elas xa que están intrasintables. E por discreción non debía empezar pola que leva a súa casa ou á do ex-alcalde. O 27 de marzo, anunciaban no xornal unha primaveira calurosa, pois Sra. Alcaldesa isto favorécenos a moitos que teremos que practicar deporte ó aire libre porque o da piscina e o do polideportivo van para largo.

Os cidadáns de Melide precisamos de alguén que resolva de forma dilixente estas *minuciosidades* e que trate con seriedade e concordancia temas de gran interese como os relacionados co PXOM, as contínuas deficiencias do polígono empresarial, os problemas da regularización do mercado ambulante, a deficiente economía do concello, o desuso do Palacio de Congresos, etc.

E, por certo, débese traspapelar información da sacristía que veu aparecer no informativo municipal.

PARTIDO POPULAR

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas e agardamos que en vindeiras edicións teñana a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar esta espazo, e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vial para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se están a suceder no municipio.

Ata entón, pedimos desculpas aos lectores de Cerne.

Cerne. Terra de Melide.

A falla de Liga Local aparta a Melide das intermunicipais de fútbol sala

Os deportistas achácano á desidia dos responsables municipais

Melide non participará este ano na competición intermunicipal de fútbol sala ao non se ter disputado a Liga Local. Ata o de agora, o equipo vencedor da liguilla de Melide era o representante na competición intercomarcal, pero ao non celebrarse a local, o concello aprazará a súa participación.

A razón pola que non se celebrou este ano a Liga Local de fútbol sala é, segundo varios xogadores, pola desidia dos responsables locais de deportes na organización da competición, que contaba con máis dunha década de tradición. Dende hai varios anos, o Concello responsabilizouse da organización da Liga Local trala desaparición dun dos equipos melidenses. Nas últimas edicións, o concello xestionaba estas a cota de inscrición de 60 euros requirida a cada un

dos 20 clubs participantes na competición. Con estes cartos sufragábanse boa parte dos gastos de instalacións e a arbitrase dos encontros. Ao remate do ano pasado, debido á falla de árbitros, a competición organizouse de xeito que cada equipo tiña que aboar 5 euros por partido para sufragar os gastos de arbitrase.

A finais de 2006, cando tradicionalmente se viña iniciando a competición, o técnico municipal de deportes informou a varios dos afeccionados da falla de medios económicos para sufragar as arbitrases, polo que, segundo os afeccionados, se plantexou a posibilidade de que o concello non cobrase inscrición aos equipos, a cambio de que estes asumisen o salario dos trencillas. A pesares de que os xogadores se amosaron dacordo con esta

opción, finalmente dende o concello non organizaron a Liga Local.

A outra explicación

Mentras que os xogadores achacan á falla de interese dos organizadores a non celebración da Liga Local, o técnico de deportes municipal sostén que non se trata dunha cuestión de desidia, senón de falla de instalacións. Segundo apuntou, a previsión do concello era organizar a Liga Local tralas festas de Nadal, pero os problemas da pista do pavillón trala instalación da pista de xeo fixeron imposible a organización do evento. O técnico de deportes afirma ademais que Melide poderá participar na vindeira edición do intermunicipal sen problema algún, pois a ausencia do concello este ano trátase só dun aprazamento, non dunha retirada.



A pista do pavillón segue impracticable tres meses despois da instalación da pista de xeo

Outra das dificultades que están a sufrir os afeccionados ao fútbol sala local é a falla dunha pista na que practicar o deporte. A pista do pavillón continúa impracticable tres meses despois da instalación da pista de patinaxe sobre xeo no recinto. O aceite empregado para que a pista de xeo artificial fose o suficientemente esbaradía, impregnou a superficie da pista polideportiva, que absorveu a subsistencia

aceitosa que continúa supurando. Ata o de agora téñense tentado, sen éxito, distintos procesos para limpar a pista, pero ningún deles conseguiu retirar o aceite. Dende o concello indican que se agarda que no prazo de mes, mes e medio esté xa normalizada, dado que se está á espera dun informe de peritaxe tralo que se efectuará o adecentamento da pista do pavillón polideportivo.

A rúa tamén opina...

Plantexámoslle á xente da rúa cuestións que mes tras mes lle afectan de cheo. Dámoslle a plabra aos verdadeiros protagonistas da vida da comarca... os veciños.

1-Cré que os ambulatorios da comarca dispoñen dos medios técnicos suficientes?

2-Cré que contan co persoal suficiente, e con horarios adaptados ás necesidades dos veciños?



Vanesa Peteiro

Pregunta 1

pregunta 2



María Garea

Pregunta 1

pregunta 2



Verónica Sánchez

Pregunta 1

pregunta 2

Correspóndense a un plan extraordinario que deixará na comarca preto dun millón de euros

A Deputación coruñesa aproba unha achega de 363.500 euros para Melide

O concello melidense disporá así de 685.000 euros para obras no ano 2007

Os concellos coruñeses recibiron unha boa nova o pasado 29 de marzo. O pleno da Deputación da Coruña deu o visto bo ao novo Plan de Cooperación provincial, de carácter extraordinario, que achegará novas partidas aos municipios para levar a cabo obras. A Terra de Melide recibirá 989.050 euros, dos que 363.500 euros se destinará ao concello melidense. Esta achega para as arcas municipais súmase aos 320.000 euros que o concello percibirá no 2007 con cargo ao Plan de Obras e Servizos que anualmente aproba a Deputación. Os 363.500 euros do Plan de Cooperación provincial está enfocado á realización de obras de competencia municipal que non precisarán achega algunha por parte dos municipios beneficiarios. O concello de Melide dis-



O pleno de marzo da Deputación aprobou o Plan de Cooperación cos municipios

porá de ata o 30 de abril para remitir á Deputación as obras que pretende levar a cabo coa achega provincial. Cada municipio poderá solicitar unha ou varias obras, sempre e cando superen os 31.000 euros de orzamento. Ademais, o pleno da Deputación coruñesa tamén dará a opción aos gobernos locais de incluír a adquisición ou compra de determinado

equipamento, segundo indicaron dende o organismo provincial.

Valoracións

O plan extraordinario sacado adiante pola Deputación achegará aos concellos contías superiores ás do POS. O vicepresidente da Deputación, Xaime Bello (BNG), amosou a súa satisfacción por poder aprobar na súa área o plan, e lem-

brou que se trata dunha partida non esperada polos municipios, e que permitirá poñer en marcha obras importantes. Respecto ao Melide, a deputada e concelleira Socorro Cea manifestou que *se trata da cantidade máis alta que a Deputación ten concedido nunca para Melide nun só ano, pois sumado a POS e máis este plan, chégase aos 685.000 euros.*

Sobrado, Santiso e Toques percibirán 625.550 euros

Os concellos de Sobrado, Toques e Santiso tamén se atopan entra os beneficiarios do Plan de Cooperación da Deputación da Coruña. O pleno de marzo aprobou destinar 240.100 euros para obras no concello de Sobrado dos Monxes. A partida que se destinará ao municipio de Santiso supera os 206.300 euros, mentras que a suma que se achegará ao concello de Toques supera os 179.000 euros.

Ao igual ca no caso melidense, as achegas do Plan de Cooperación serán superiores as partidas aprobadas dentro do Plan de Obras e Servizos provincial. Sobrado percibirá máis de 214.000 euros do POS, mentras que Santiso superou os 187.000, e Toques os 158.000 euros.

As novas achegas permitirán aos concellos da comarca poñer en marcha obras e mercar equipamento.

O Bloque denuncia a perigosidade dun poste da luz a carón do Número 2

O BNG de Melide denuncia o perigo que supón un poste da luz danado situado a carón do colexio da Martagona. Os nacionalistas reclaman que se coloque un novo poste, ou ben, que se arranxe o danado canto antes como medida preventiva.

O BNG insiste en que o mal estado do poste supón un perigo para os transeuntes, e sobre todo para os alumnos e alumnas do colexio Número 2, dado que o poste está partido pola súa base conse-



O poste siútase a carón do patio do Número 2

cuencia do choque dun vehículo, e advirten que se acaba caendo, farao para o interior do recinto.

O PSOE pide melloras na recollida do lixo no rural e na limpeza dos sumidoiros

O PSOE de Melide reiterou no concello a necesidade de mellorar o servizo de recollida do lixo no rural. Os socialistas reclamanlle ao concello que inste á empresa concesionaria do servizo a levar a cabo as labores de recollida coa asiduidade fixada no contrato. Segundo os socialistas, n varias parroquias melidenes a recollida lévase a cabo con menos frecuencia da estipulada no acordo co concello, o que provoca que os residuos se esparzan ao lado dos colectores en zonas próximas. Os socia-

listas xa veñen reclamando a mellora do servizo dende hai varios meses.

Os socialistas melidenes tamén urxen ao concello a desatasacar os sumidoiros da vila, que segundo o PSOE de Melide se atopan atascados, imposibilitando deste xeito a absorción da auga.

Parque infantil

Outra das demandas plantexadas polo grupo municipal socialista é o acondicionamento do parque infantil situado no Cantón de San Roque. O PSOE reclama o

adecentamento do chan, a mellora do estado da zona verde e a limpeza dos residuos das súas proximidades.

Semáforo

O delegado provincial de Política Territorial, Jacinto Parga, confirmou aos socialistas melidenes da concesión dun semáforo na intersección da Avenida de Toques coa AC-840. Segundo indicaron os socialistas, xa se xestionaron os trámites necesarios, e a instalación do semáforo iniciárase en breve.

EN BREVE

Melide celebrará a súa primeira Festa da Hostalaría | Será o vindeiro día 26 de abril. Xa está confirmada a actuación das orquestras París de Noia e Panorama.

Ponte Mazaira celebra un concurso de captura e solta, e Río Furelos o II campionato Terra de Melide | Ponte Mazaira celebrará o concurso o 1 de abril, unha proba que será clasificatoria para o Campionato Provincial que se celebrará o 29 de abril tamén no río Furelos. Pola súa banda Río Furelos está a organizar para o 14 de abril o II campionato de pesca Terra de Melide, que se celebrará no Furelos, e no que os participantes poderán gañar trofeos e material de pesca valorado en 1.300 euros.

A empresa Gómez Crespo reparará as vivendas sociais de Melie nun prazo de tres meses | A empresa foi a adxudicataria do concurso convocado pola consellería de Vivenda para mellorar as 23 vivendas de protección pública melidenses. As obras de mellora deberán executarse no prazo de tres meses.



**Tfno.: 981 50 56 12 - C/.Vispo Varela Fondevila, 7
15800 MELIDE (A Coruña)**



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanelo, porc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISION EXTERNA

O plan de turismo impulsará a Q de calidade nos establecementos da zona

Porase en marcha un programa formativo para os empresarios

O plan de turismo de Xunta e Deputación que beneficiará aos concellos da Terra de Melide impulsará un plan de calidade. Esta será unha das actuacións que se porán en marcha dende a primeira anualidade, e está destinada a impulsar que os establecementos da zona poidan acceder ao distintivo Q de calidade, un selo que ampara establecementos con garantía de servizo. Para impulsar o programa de calidade, porase en marcha un programa formativo dirixido a empresarios do sector turístico e establecementos de hostalería.

Entre as actuacións xa aprobadas para a primeira anualidade está dotar de postos informáticos e mobiliario os puntos de información turística de Melide e Sobrado.

Para homoxenizar as actuacións amparadas baixo o programa, crearase un manual de imaxe corporativa, así como trípticos informativos do plan. Porase en marcha unha páxina web, e dotarase ao concello de Toques dun punto de información turística.

Guía gastronómica

Melide e os concellos da



O plan fomentará os atractivos turísticos da zona

súa comarca tamén terán un oco na guía gastronómica que se elaborará con cargo ao plan turístico. A comisión de seguimento do plan acordou destinar unha partida de 14.000 euros que facilitará a redacción do texto en varios idiomas. Deste xeito preténdese promocionar o destino a través da gastronomía dos concellos incluídos no plan, así como dos servizos existentes, dos establecementos, ou mesmo das festas gastronómicas.

O plan tamén contempla a redacción dun estudo para sinalizar integramente o

destino turístico. A comisión de seguimento xa destinou 19.000 euros a sinalizar o territorio, e acordou que o destino turístico que se pretende promocionar se chame Terras de Ulla e Tambre.

As propostas

Respecto ás propostas que os 11 concellos integrados no plan plantexaron para levar a cabo, a comisión de seguimento indicou que varias delas tiveron que ser desestimadas por non axustarse á filosofía do plan, e outras deberán redefinir as súas liñas.

O Xacobeo reformará o albergue de Melide tralos meses de verán

O Xacobeo investirá máis de 200.000 euros en efectuar unha mellora profunda das instalacións do albergue de peregrinos de Melide. As reformas, que se prevían que comezaran en breve, retrasaranse ata despois do período estival despois de que hostaleiros da zona pedisen que se aplazaran as melloras para non perxudicar durante o verán o sector nas proximidades do albergue, posto que as reformas obrigarán a

pechar temporalmente as instalacións.

As melloras no albergue consistirán en ubicar na pranta baixa os aseos para evitar que se produzan filtracións dende o piso superior. A planta alta pasará a adicarse a un dormitorio con maior capacidade cá actual.

Tamén se efectuarán reformas na planta superior para ubicar aseos, mentras que o baixo cuberta continuará albergando un dormitorio.

A cociña continuará situada na pranta baixa, que tamén se remodelará para converter o actual comedor nun máis pequeno e nunha sala para usos múltiples. Tamén se construíra unha habitación con baño para minusválidos.

Na primeira fase das obras executaranse as reformas na pranta baixa e na fachada do edificio, mentras que na segunda remodelarase a pranta alta e a baixocuberta.



Socorro Cea
**Para que
Melide
avance**



aquí está o BNG !

Desde os **Concellos** tamén facemos País

www.bng-galiza.org

Tribuna Aberta

JOSÉ A. PRADO

Parque ou finca?

O parque do edificio multiusos ten unha cualidade pouco habitual. Por diante é un fermoso e coidado xardín mentres que por detrás, é unha vulgar finca. Xustificaremos tal afirmación. ¿O parque mais grande da vila e os seus usuarios merecen ese desprezo? Desfíxose unha zoa axardinada para poñer unha atracción, e aínda segue desfeita e en gravilla, as papeleiras recóllense de cando en vez, podáronse as árbores e botaron as podas mais dun mes sen ser recollidas.

Pero cómpre salientar tamén, o profundo desprezo co que o concello trata a natureza, para mostra, o acaecido no mesmo parque en cuestión un determinado día. Eran as 7:30 horas da mañá dun 15 de Agosto, e o son dunha motoserra espertoume, ¿quen traballara tan cedo? pensei.

Decateime despois duns intres que era día festivo, e tentei relacionar a situación que estaba acontecendo. Cando mais tarde, souben o feito sentín tristura e indignación, estas dúas sensacións medraron ca explicación dada polo equipo de goberno ante a pregunta da oposición.

Talarase unha fermosa arbore que lebava mais de vinte e cinco anos no recito do vello instituto, arbore que cometera o delito de estar nun lugar desexado para o paso dunha atracción das festas do San Roque.

"E sabes ti, arbore incomoda, que explicación deron as autoridades municipais para xustificar o teu finiquito?"

-Pois, "que estabas en mal estado!" Si, escoitaches ben, estabas en mal estado, foi a resposta á pregunta do PSOE en sesión plenaria.

-Os teos mais de vinte e cinco anos de vida vendo pasar xeneracións de estudantes, que son? contra unha semana de atracción. Pero, quen te cres ti?"

-¡Motoserra e punto! pensou algunha autoridade municipal.

O piloto melidense agarda participar en sete probas do campionato

Xesús Ferreiro competirá no español de Ralis históricos

A Deputación da Coruña respaldou o proxecto con 30.000 euros

O melidense Xesús Ferreiro debutará o vindeiro 19 de maio no Campeonato de España de Rally de Vehículos Históricos 2007. Con tres títulos galegos ás súas costas, Ferreiro e a escudería Melide Motorsport tentarán asinar o título na súa primeira edición a nivel estatal.

Un Ford Escort MK II de 209 cv. será o coche que Ferreiro pilotará, co respaldo do ferrolán Roberto Lorenzo na copilota. Foi precisamente con este coche, de 28 anos, co que Ferreiro asinou os seus dous últimos títulos galegos de vehículo histórico.

Para poder participar no campionato, ao que agarda acudir a sete probas, a escudería contou co respaldo da Deputación da Coruña. O organismo provincial achegou unha axuda de 30.000 euros que fará posible a presenza de Ferreiro e o seu equipo no campionato; un respaldo que o piloto agradeceu ao entender que sen a axuda non poderían participar.

Entrevista | A polo español de ralis históricos

O obxectivo é o campionato

-Cómo se adentra un no mundo dos ralis?

-Creo que nacín cun gen vencellado aos coches. Dende pequeno sempre me gustaron, e cando comecei con 14 anos a ir aos ralis, souben que era o que quería facer.

-E o gusto polos clásicos de onde ven?

-Supoño que será porque foron os primeiros coches que vin eu en ralis.

-E agora, á hora de competir cun deles, non tes a dificultade engadida de conseguir pezas?

-Agora o clásico está Ferreiro iniciará o campionato de Históricos en Cantabria en auxe, e hai casas que fan as pezas novas para estes coches.

-Á hora de adestrar co coche antes de ir a unha proba, tedes facilidades?

-Non, ese é precisamente o maior problema que temos, porque é duro non poder probar os desenvollos que lle fas ao coche. Moitas veces proba no mesmo rali. Aquí crear un circuito, aínda que só fora para probas de coches e de motos, sería moi interesante.

-Canta xente está a colaborar con este proxecto do campionato español?

-Pois no equipo na asistencia están practicamente tres persoas, o copiloto, eu, e despois hai xente que colabora

preparando o coche aquí, outra xente noutras facetas, e en total, vimos sendo nove, aínda que non sempre nos desprazamos todos.

-Cómo ves a competencia no campionato de históricos?

-Pois na primeira proba se verá, porque será das de maior participación. Hai varios nomes, entre os que está o irmán de Carlos Sáinz, que o nome asusta moito, pero leva tempo sen competir, mentras que nós estamos moi rodados.

-Entón, cal é o gran obxectivo?

-O obxectivo é gañar. Témoloo clarísimo, e imos con esa idea. Despois, a partir das tres primeiras probas, xa se verá o que pasa.



net.

informática

- VENTA DE ORDENADORES
- SERVICIO TÉCNICO PROPIO
- PROGRAMAS PARA EMPRESAS
- REDES E INTERNET
- CURSOS DE INFORMÁTICA

Teléfono e Fax: 981 50 53 08
Avda. de A Habana, 35
15800 Melide (A Coruña)
info@netmelide.com

Recibe
Cerne no
teu fogar

Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso



Horario:
de Martes a Venres:
Mañanas de 9 a 13
Tardes de 15.30 a 22
Sábados: 9 a 21

Telf. Reservas:
981 506 093
617 178 758

e-mail: a.contrapelo@telefonica.net
Melide
Rúa. de Mayo, 2-1º



en Melide
miramos adiante

Manuel Prado Puga

www.psdeg-psoe.org



Jacobo Fernández tentará revalidar a maioría absoluta no concello de Sobrado

O alcalde de Sobrado, Jacobo Fernández, repetirá como cabeza de lista do Partido Popular nas vindeiras municipais en Sobrado dos Monxes. Esta será a cuarta lexislatura na que Fernández opte á alcaldía. No ano 1995, e baixo siglas independentes, lograrn 5 dos 11 concelleiros, pero o goberno conxunto de PP e PSOE apartou ao independente da alcaldía.

Xa no ano 99, Fernández integrouse nas listas populares, e acadou 7 concelleiros que lle permitiron gobernar con maioría absoluta o municipio. Nas municipais de 2003 Fernández revalidou a maioría absoluta, e ratificouna incrementando un escano máis, che-

gando ata os 8 concelleiros.

O obxectivo do actual rexedor de cara ás vindeiras municipais é revalidar a maioría absoluta, dado que reconece que *non contamos con perder a maioría absoluta, pero iso nunca se sabe*, apunta Fernández.

A formación popular aínda non ten perfilado o programa electoral que defenderán ante os veciños, se ben Jacobo Fernández fai fincapé nas cuestión sociais como núcleo do seu proxecto para a vindeira lexislatura. *O máis urxente é todo o vencellado con cuestións sociais, e coa lei de dependencia, e esa é unha das nosas metas*, afirma Fernández.

EN BREVE


Sobrado aprobará provisionalmente o seu Plan Xeral | A primeira semana do mes de abril levarase a cabo en Sobrado a aprobación provisinal do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello. A aprobación provisional farase efectiva logo de dous anos de paralización de licencias de obras por mór da demora no plan.

Un cruceiro derrubado hai un ano en Vilamor, segue sen repararse

O concello aínda non procedeu á recollida dos anacos

Dende hai preto dun ano os veciños de Vilamor celebran as procesións arredor dun cruceiro derrubado e cos seus anacos escagallados ao seu redor. Nos primeiros meses do 2006 o cruceiro da parroquia, ubicado en pleno Camiño Primitivo, apareceu derrubado e cos seus anacos arredor da base do monumento. Descoñécense as causas polas que o cruceiro caeu, se ben no informe remitido polo Concello á Dirección Xeral de Patrimonio, apuntan a un forte temporal como causa do derrubo. Esta explicación non é, sen embargo, a máis extendida entre os veciños, que apuntan, entre outras posibilidades, a un posible golpe dunha desbrozadora que traballou na zona.

A pesar de que os veciños reclamaron ao goberno toquense a reparación do cruceiro, o concello non fixo ata o momento nada para salvagardar a estrutura. Iso, aínda que a Direc-



A zona que rodea o cruceiro está humanizada

ción Xeral de Patrimonio instou ao municipio a resgardar as partes do cruceiro para poder recuperalas e restarurar o monumento logo de redactar o proxecto de reconstrucción. Ata o de agora, ningunha das medidas se levou a cabo: nin se recolleron os anacos, escagallados ao redor da base, nin se efectuou a reparación do cruceiro, nin se

redactou o proxecto de reparación.

Algúns veciños xa amosaron o seu descontento polo abandono que está sufrindo o cruceiro, datado no século XIX, segundo o rexistro do director do Museo da Terra de Melide, Xosé Manuel Broz. Sorprende ademais que o cruceiro se atopa nunha zona xa humanizada.



O PSOE toquense informou sobre a Rede Natura

O PSOE de Toques organizou no bar Carbu de Vilamor unha charla informativa na que participaron os enxeñeiros ambientais e

técnicos de medio ambiente de Unións Agrarias Miguel Acuña e Pilar Campos. Os ponentes informaron aos veciños dos

usos permitidos e prohibidos nos espazos da Rede Natura, así como as subvencións ás que podían ter acceso os veciños.

Persoal alleo ao concello ocupou a secretaría de Toques durante a ausencia do titular


Persoal alleo ao concello de Toques, en ausencia do secretario titular e da secretaria municipal suplente ocupou o despacho da secretaría toquense durante meses, afirmou a edil socialista Cruz Bande no último pleno. A concelleira preguntoulle ao rexedor, Jesús Ares, que indicara a identidade da persoa, carente de nombramento público algún, e que tivo acceso a todo tipo de documentos oficiais e expedientes. A concelleira entende que se puideron dar casos de

vulneración do dereito á intimidade e á protección de datos, e amosouse moi molesta ante os feitos.

A concelleira pediu en pleno que se aclarase a siutación, pero non obtivo resposta.

A edil do PSOE toquense ve aínda máis gravidade na cuestión cando lembra as dificultades coas que se atopan os concelleiros da oposición e os propios veciños á hora de poder acceder á documentación necesaria para fiscalizar e supervisar a actuación do grupo de goberno.

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

A Deputación achegará 16.000 euros á Banda de Visantoña ao cumprir 130 anos

A Banda de Música de Visantoña celebrará ao longo do 2007 os seus 130 anos de existencia. A formación agarda organizar durante todo o ano diversas actividades para as que contará cunha achega de 16.000 euros da Deputación da Coruña.

Entre as actividades que a formación bandística prevé organizar durante este ano está a edición dun libro titulado *Arte, lería, arte, letra. Banda de Música de Visantoña; 130 anos de existencia ininterrompida*. O colectivo tamén gravará a banda sonora dunha longametraxe con música orixinal de Eugenio Pazos Reyes e baixo a dirección musical de Uxío Pazos Pintor. Outra das actividades programadas é a representación dun musical.

Leiva recriminou a Villar que os proxectos non ser redacten seguindo os acordos plenarios

O orzamento para o centro de día de Santiso superará os 590.000 euros

O alcalde instará aos redactores do PXOM a responder as alegacións presentadas

O proxecto para o centro de día para maiores que se construíra en Santiso atópase xa na Vicepresidencia da Xunta. Así o anunciou o alcalde de Santiso, Ramón Villar, no transcurso do último pleno ordinario. Villar apuntou que as cifras baralladas para a posta en marcha do servizo superan os 590.000 euros, unha cantidade que xa suxerira o vicepresidente Anxo Quintana na súa reunión co rexedor.

Á marxe do anunciado polo alcalde, o último pleno cinguíuse aos rogos e preguntas plantexados pola oposición. Un dos temas que levantou máis controversia foi o relativo ás obras de mellora da estrada que comunica Pezobre e Belmil. O concelleiro de Independentes de Santiso,

Ovidio Leiva, interesouse pola situación na que se atopa a vía, que cualificou de moi perigosa, e das melloras que quedaban por efectuar nela. O rexedor dixo que a obra xa estaba rematada, e que se adecentaran os metros que correspondían, e que o resto da vía habería que arranxala con cargo a outros plans provinciais. Foi entón cando os concelleiros da oposición amosaron o seu desacordo afirmando que nun pleno anterior se acordara outro proxecto.

Segundo os concelleiros da oposición, o acordo ao que se chegara nun pleno do 2006 consistía en que se asfalaria en dous tramos, o primeiro iría ata a Ponte da Beseña, e o segundo comezaría na Ponte da Beseña, e chegaría ata onde o orza-

mento estipulado permitira. Sen embargo, segundo os edís, tan só se efectuou a mellora e o asfaltado ata uns metros máis aló da ponte. Leiva afirmou que *non se están redactando os proxectos segundo os acordos do pleno*, unha sentenza que o alcalde atallou afirmando que *para min está claro que si se fixo o que quedamos*.

A concelleira socialista, Inés Cagide, tamén se amosou en desacordo co alcalde, afirmando que non se acatara o acordo plenario, e solicitou á secretaria municipal que lle fora remitido un certificado do acordo plenario no que se abordara a cuestión. Catro semanas despois de solicitar o certificado, Cagide dixo que aínda non se lle remitira o certificado.

Desinformación

Tamén Cagide Val acusou

no último pleno ao rexedor de *estar anclado no oscurantismo e na desinformación. Ademais de levar os plenos vacíos de contido, non recibimos as actas das xuntas de goberno, dixo a concelleira*. Villar dixo descoñecer a falla do envío das actas, e negou calquera atisbo de oscurantismo na xestión de Santiso. A secretaria municipal achacou a tardanza no envío das actas á falla de personal administrativo co que facer fronte a todas as tarefas inherentes ao concello.

Outra das cuestións polas que se preguntou no pleno foi o estado das alegacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal. O alcalde informou de que o 80% das alegacións xa están revisadas, e logo de que a oposición o reclamase, accedeu a instar aos redactores do plan a responder as alegacións.

Máis de 200 persoas, con Suárez Canal á fronte, arrouparon ao BNG de Toques na súa presentación

Máis de 200 persoas participaron na presentación oficial do Bloque Nacionalista de Toques para as vindeiras eleccións municipais. Acompañados polo conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal e por representantes do BNG na comarca, os nacionalistas de Toques presentáronse ante os veciños como *unha forza chamada a cambiar o rumbo político do municipio*, dixo Suárez Canal. O conselleiro referiuse á necesidade dun cambio de goberno en Toques para mudar *a danada imaxe dada polo municipio nos últimos anos*. Referiuse á necesidade dunha rexeneración democrática no concello, e afirmou que o BNG

dispón de xente *comprometida con que o poder se exerza ao servizo do pobo e non duns poucos*.

Suárez rematou engadindo que *se hai compromiso, ilusión e convicción, pode abrirse un novo ciclo que restaure o exercizo democrático no concello*.

Pola súa banda, o candidato do BNG á alcaldía, José Manuel Ferro, fixo unha exposición das necesidades máis urxentes de Toques, entre as que citou melloras nas estradas, nos saneamentos, un centro social e un edificio multiusos. Ferro acusou ao actual goberno de confundir o público co privado á hora de xestionar o municipio, e mencionou a *incompetencia e servilismo*



Suárez Canal participou na presentación dos nacionalistas en Toques

do grupo de goberno, non deseñado en función das necesidades do concello. Afirmou que os gobernantes non están preparados, e cualificou ao actual rexedor como un *lastre* para o futuro. Pola contra, dixo que os integrantes da lista nacionalista ofrecen *ilusión, xu-*

ventude, formación e unha nova visión e desexo dun mundo sostible e global. Ferro plantexou as liñas da programática do BNG resumidas en *reencontrar aos toqueses, planificar conxuntamente cos concellos da comarca, unha rehabilitación integral do*

rural, o aproveitamento dos recursos patrimoniais e naturais, e da capacidade agrogandeira e forestal. O saneamento integral dos núcleos rurais e o acondicionamento das vivendas tamén se inclúen no programa nacionalista en Toques.

Villar, Leiva, Cagide e Camino postúlanse novamente como alcaldables

Catro partidos xa ratificaron os seus candidatos ás municipais de Santiso

Luís Campos, da Agrupación Veciñal, dixo non ter decidido aínda se se presentará

A proximidade das eleccións municipais fai que os partidos políticos comecen a despexar algunhas incógnitas, como é o caso dos candidatos designados polas distintas formacións para optar á alcaldía de Santiso. Catro dos cinco partidos políticos que actualmente teñen representación no goberno mu-

nicipal ratificaron aos seus candidatos nas últimas municipais como cabezas de lista nos vindeiros comicios.

Ramón Villar continuará á fronte do Partido Popular do concello e optará por oitava vez á alcaldía de Santiso coa vista posta en revalidar a maioría absoluta acadada nas últimas

municipais celebradas no 2003, e que foron as súas cuartas municipais baixo as siglas do PP.

Ovidio Leiva repetirá como cabeza de lista da candidatura independente que lidera, e que nas últimas eleccións municipais se erixiu como a segunda forza máis votada no municipio, obtendo dúas actas de con-

celleiros.

Tamén por segunda vez Inés Cagide repetirá encabezando a lista do Partido Socialista en Santiso.

O Bloque Nacionalista Galego ratificou a Xosé Manuel Camino como candidato nacionalista para os próximos comicios municipais. Camino, concelleiro na actualidade, optará á

alcaldía de Santiso por segunda vez.

Agrupación veciñal

Os que aínda non confirmaron se presentarán candidatura ás vindeiras municipais de maio son os integrantes da Agrupación Veciñal de Santiso. Luís Campos, actual concelleiro da formación, indicou que aínda non estaba pechado o prazo para a presentación oficial das candidaturas, e que aínda estaban valorando a posibilidade de presentar ou non lista.

Ademáis, tampouco se descartan posibles listas baixo un cuño autonómico.

RAMÓN VILLAR, Partido Popular

Ramón Villar volverá a encabezar a lista do PP en Santiso. Esta será a oitava vez que Villar opte á alcaldía de Santiso, e a quinta na que representa aos populares. Segundo matizou o propio Villar, *vou pola oitava, e última*, logo de 28 anos ocupando a cadeira de rexedor.

Os obxectivos cos que parte Villar son revalidar a maioría absoluta conquistada nas últimas municipais. Para elo, presentará aos veciños un programa electoral no que o eixo central será ultimar os procesos de concentración parcelaria que se iniciaron en 1990 no municipio. Segundo Villar, aproximadamente o 90% do concello vive do agro, polo que resulta fundamental completar as parce-



larias no municipio. Están pendentes as de San Román, xa solicitada, e Belmil.

Outra das metas que se plantexa o PP de Santiso é a posta en funcionamento do centro de día para maiores. Villar aclarou que o proxecto xa se atopa en Vicepresidencia, e que agarda entre en funcionamento nun ano.

OVIDIO LEIVA, Independentes

Ovidio Leiva optará á alcaldía de Santiso por segunda vez encabezando a candidatura de Independentes, e logo de formar parte da lista socialista municipal en cinco lexislaturas anteriores. A *maioría absoluta* é a meta que persegue a formación encabezada por Leiva. Para conseguir incrementar os dous edis cos que a formación conta na actualidade, Leiva e o seu grupo están a perfilar un amplo programa electoral. Entre as melloras que urxen os independentes está a mellora dos enlaces das vías interiores do concello coas estradas autonómicas e nacionais próximas, a reclamación do inicio do proxecto da autovía Santiago-Lugo, a posta en marcha dun parque industrial na



zona de O Maniño que fomenta o emprego no concello e a execución dunha traída de augas pública que abasteza a todo o municipio. Dotar de saneamentos adecuados todas as parroquias é outra das medidas que inclúe o programa electoral que dirixe Ovidio Leiva, e que inclúe tamén a construción de vivendas de protección oficial.

INÉS CAGIDE, Partido Socialista

Sacar a Santiso do letargo no que está sumido. Este é o obxectivo do PSOE de Santiso, con Inés Cagide á fronte. Esta será a segunda ocasión na que a concelleira opte á alcaldía, que afirma que a meta nas municipais de maio é gobernar. Cagide está confiada nas posibilidades socialistas porque *levamos unha candidatura renovada, ilusionada e participativa*. Para contar co respaldo dos votantes nos comicios locais, o Partido Socialista de Santiso plantexará un programa no que as liñas básicas xirarán arredor duns servizos sociais que funcinen, así como da aplicación exhaustiva da Lei de Dependencia. A información aos cidadáns é outro dos trazos definitorios do programa



socialista, que incide ademáis na necesidade de facilitar un medio de vida en Santiso para os máis novos. O fomento do emprego, e a vertebración de Santiso como un municipio atractivo tanto para novo como para maiores inclúense tamen nas liñas que rexen o proxecto socialista, que lembra tamén a importancia do turismo.

Xosé M. Camino, Bloque Nacionalista Galego

Por segunda lexislación consecutiva Xosé Manuel Camino encabezará a lista do Bloque Nacionalista Galego nas eleccións municipais de Santiso. O BNG conta na actualidade cunha acta de concelleiro no municipio, que ocupa o propio Camino. O obxectivo que se marcan os nacionalistas de Santiso é poder gobernar o concello.

Cun programa aínda por pechar, o BNG de Santiso inclúe nas súas propostas para a vindeira lexislatura a construción de vivendas de protección oficial. Outro dos puntos do programa nacionalista é a aprobación dunha partida destinada a becas para estudantes do municipio, así como a posta en funcionamento dunha escola-



obradoiro. Os nacionalistas destacan a urxencia de dotar ás parroquias do municipio de servizos básicos tales coma unha traída de augas municipal, e os saneamentos de todas as aldeas do concello. Outro dos puntos do proxecto nacionalista para os vindeiros catro anos é a construción dun tanatorio municipal.

Son Javier López, nacín en Melide hai 36 anos e exerzo como Enxeñeiro Técnico Agrícola nesta comarca. O permanente contacto coa xente froito do exercicio da miña profesión así como do papel desempeñado en determinados colectivos empresariais e sociais, fixéronme sentir o desagrado patente de moitos veciños en relación á vida política do pobo.

Abriúsenos unha etapa de incertidumbre cando o anterior alcalde cedeu o seu cargo; estivemos esperando cambios, correccións, novas formas de facer política, pero é evidente que nada se puido facer fronte á situación desastrosa na que se viña encontrando o concello dende facía anos.

É ben coñecida a importancia do noso pobo respecto da súa situación xeográfica e as implicación sociais, económicas e infraestructurais que esta propicia localización supón. Esta ventaxosa situación foi sempre obviada pola desidia dos cargos municipais.

A sociedade do benestar que tanto desexamos pasa por un nivel de precariedade inconcebible nos tempos que corren; queda moito por facer en relación á cultura, ó ocio, ós servizos sociais; en definitiva, en mellorar esas pequenas cousas que fan a vida un pouco máis agradable.

A política actual do noso concello está obsoleta porque non dá resposta ás inquedanzas e necesidades de cada un de nós. Tódolos ciclos teñen un principio e un fin, sentimos que éste está completo. É o momento no que a seriedade, a concordancia e o diálogo gobernen este concello.

Depende de nós, os melidenses, tomar impulso e renovarse. Queremos escoitar e ser escoitados.

Dalgunha maneira, síntome comprometido a loitar polos intereses do pobo no que nacín e vivo, o que me leva a tomar esta decisión e dar un paso adiante.

POR UN MELIDE DE TODOS, POR UN MELIDE PARA TODOS

Cidadáns de Galicia

Sede Local: Ronda de Pontevedra, 1, baixo, 15.800 Melide

**Javier
López López**

Candidato á alcaldía de Melide



Un bo número de establecementos xa se adheriron ao proxecto de ASETEM-CCA

A tarxeta de fidelización do comercio comezará a funcionar en meses

por

A tarxeta de fidelización de clientes do comercio local impulsada por ASETEM-CCA comezará a funcionar en poucos meses. O pasado mes o comercio melidense mantivo unha nova xuntanza para perfilar aspectos da tarxeta que aínda estaban pendentes, tales como a porcentaxe de premio por compra. Na reunión tomou parte un responsable da empresa AVA, a firma de solucións tecnolóxicas que está a levar a cabo o proxecto.

A tarxeta de fidelización de ASETEM-CCA funcionará de xeito similar á Travel Club. Os clientes disporán de tarxetas non nominativas coas que acumularán puntos nos establecementos adheridos á iniciativa. Cando un cliente faga unha compra nun comercio participante, pasará a súa tarxeta electrónica, sumando



Ferro lembroulle a

puntos na súa conta particular. Deste xeito, ao ter acumulados certo número de puntos, poderá canxealos por premios ou descontos.

Na última reunión os comerciantes melidenses acordaron que o valor de puntos sumado en cada compra supoña o 1% do valor real do produto. Así,

por exemplo nunha compra de 100 euros, o cliente sumaría puntos por valor dun euro.

Tarxetas

Nun primeiro momento, para poñer en marcha a iniciativa, repartiranse un total de 5.500 tarxetas. As tarxetas non serán nominativas, senón que se distin-

guirán por códigos de barras.

A tarxeta de fidelización do comercio na que ASETEM-CCA leva traballando varios meses pretende reimpulsar o pequeno comercio na vila. A forte presión que as grandes superficies exercen no comercio local dificulta a recuperación do comercio tradicio-

Un portal web xestionará as contas de puntos dos clientes

O número de puntos que cada cliente acumule na súa tarxeta poderá ser consultado polo usuario. Un portal web permitirá que cada comprador consulte o seu saldo, así como o catálogo de descontos ou premios aos que pode acceder unha vez acumulados certo número de puntos.

O portal web de ASETEM-CCA a través do que se xestionará a contabilidade de puntos funcionará ademais como un escaparate *on line*. O portal contará cun espazo no que cada establecemento adherido á iniciativa poderá amosar unha parte dos produtos que ofrece.

nal. Con iniciativas como a tarxeta, a asociación de empresarios pretende que os comerciantes premien a fidelidade dos seus clientes e fomenten as compras nos establecementos locais. Unha vez en funcionamento, a tarxeta tamén se poderá empregar para campañas específicas como a de Nadal.

AXUDAS

Subvencións á mellora de establecementos de cafeterías, cafés, bares e restaurantes.

Correspóndense a subvencións a fondo perdido nas que os proxectos se concretarán en melloras dos servizos sanitarios ou das cociñas. Os investimentos deben ser superiores a 900 euros no caso dos servizos sanitarios, e de máis de 1.800 euros no caso das cociñas. A axuda poderá chegar ao 40% do investimento, cun importe máximo de 5.000 euros no caso

dos sanitarios, e 9.000 nas cociñas.

Os interesados deberán estar inscritos no Rexistro de empresas e actividades turísticas da Xunta, antes do 14 de abril, data límite para solicitar as axudas.

Para comporbar os conceptos concretos subvencionables nas axudas, pode revisarse a orde do 2 de marzo da Consellería de Industria e Innovación. (DOG de 13 de marzo de 2007).

Subvencións para a adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo.

Correspóndense a subvencións a fondo perdido para a renovación do comercio retalista galego, e a innovación das novas tecnoloxías da información e a xestión dos establecementos comerciais co obxectivo de adaptar as súas estruturas ao seu contorno de maneira máis competitiva. Os comercios que queiran acceder á axuda non poderán superar os 10 traballadores, os locais non poderán superar os 300 metros cadrados destinados á exposición e venda ao público.

A contía mínima deo inves-

timento subvencionable é de 1.000 euros, e o máximo será de 12.000, excepto no caso de deseño de sistemas de venda non presenciais e páxinas web, que será de 3.000 euros. A contía máxima será do 40% do investimento subvencionable, e poderá chegar ao 50% no caso de estar incorporado a un proxecto de agrupación de comerciantes. A presentación de solicitudes remata o 27 de abril. As solicitudes resolveranse por orde de entrada, e terán prioridade aquelas que presenten a documentación completa. No

DOG do 26 de marzo, orde de 15 de marzo, constan as actuacións concretas subvencionables, que van dende aplicacións informáticas a caixas rexistradoras, lectores de códigos de barras, sistemas de etiquetaxe, fotocopiadoras, etc...

Finanzar o desenvolvemento de proxectos de investimento das pemes.

Destinadas a pemes e microempresas. O importe máximo financiable será o 90% para as microempresas, e o 80% para as pemes. Ata 1,5 millóns por beneficiario e ano.



Representantes da Federación Galega de Autónomos acudiron á reunión a Melide

ASETEM-CCA estuda ser delegación da Federación de Autónomo

O colectivo galego informou do programa de actos para 2007

Unha delegación da Federación Galega de Autónomos e de CAYPE, a Confederación de Autónomos y Profesionales de España mantivo unha xuntanza co presidente de ASETEM-CCA, José Antonio Rodríguez. Durante o encontro, Paulino Franco, presidente da Federación Galega de Autónomos informou da labor que están a desenvolver dende o colectivo, así como da programación pre-

vista para este ano. Según indicou Franco, o vindeiro 7 de xuño o Teatro Colón coruñés acollerá o Día do Traballo Autónomo, e en outubro volverá a celebrarse unha nova feira de mostras dos autónomos. En paralelo a esta feira terá lugar o III Congreso de Autónomos, un acto no que, entre outras cuestións, se abordará o estatuto dos autónomos que se está a redactar para legislar.

Entre as cuestións que se plantexaron na xuntanza, estivo a de que ASETEM-CCA pase a ser delegación para as comarcas veciñas de CAYPE. O presidente do colectivo melidense, Rodríguez Álvarez, amosou a predisposición da asociación a colaborar cos autónomos galegos e CAYPE, e dixo que se estudaría a invitación de que ASETEM-CCA pase a ser delegación de CAYPE.

A directora xeral de Comercio participará en Melide nun encontro con comerciantes

O vindeiro 11 de abril ás 20.30 horas a directora xeral de Comercio da Xunta de Galicia, Ana María Rúa participará en Melide nun encontro con comerciantes. O acto, organizado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto celebrase na sede do colectivo. O acto está aberto a todos os comerciantes e veciños que desexen participar.



Ana María Rúa abordará a realidade do comercio

O contido

A directora xeral de Comercio abordará na súa charla en Melide cuestións vencelladas á nova lexislación que afecta ao comercio e ao programa do seu departamento está a promover en materia de políticas de respaldo ao comercio. Outro dos temas que abordará Ana María Rúa son as axudas e subvencións que están a disposición dos comerciantes. Parte da intervención da directora xeral versará sobre as políticas de

emprego, e a súa afectación aos pequenos comerciantes.

A Dirección Xeral de Comercio plantexouse como obxectivo prioritario o impulso da actividade comercial e a adaptación do tecido comercial galego á realidade do país. Para elo, o departamento autonómico pretende poñer en marcha as actuacións que sexan precisas para acadar a modernización, racionalización, profesionalización e capacidade de creación de emprego que o pequeno comercio precisa para recuperar as perdas soportadas nos últimos anos.

ASETEM-CCA trasladou ao PSOE as súas inquedanzas

ASETEM-CCA e a cúpula socialista local mantiveron, a petición do PSOE, un encontro no que o colectivo empresarial trasladou aos políticos as principais preocupacións da asociación. Na reunión os directivos de ASETEM-CCA transmitiron a necesidade de mellorar con carácter de urxencia o suministro eléctrico do que dispoñen as industrias locais, así como de efectuar unha limpeza a fondo do parque empresarial e a actualización dos sistemas de telecomunicacións do polígono. Outra das cuestións que comentaron os empresarios foi a necesidade de eliminar o parking noc-

turno de camións na vila. O colectivo plantexou a posibilidade de habilitar un espazo para os camións no polígono a fin de que non teñan que recorrer ás rúas do centro.

Os empresarios apostaron ante os socialistas pola potenciación da comercialización de produtos típicos de Melide e ecolóxicos, así como por unha aposta seria polo turismo local. Os empresarios destacaron a necesidade de poñer en marcha a oficina de turismo e de recuperar e ampliar a área recreativa de Furelos. Outra das necesidades detectadas polos directivos de ASETEM-CCA foi a



A directiva de ASETEM-CCA reuniuse co PSOE para trasladarlle as súas inquedanzas

urxencia de regular o mercado dominical que se instala nas principais rúas da vila, así como levar a cabo unha regulación da praza de abastos. O colectivo lembroulle aos socialistas a proximidade do mercado co velorio municipal, así como a mala distribución dos propios produtos na

praza. Tamén destacaron os empresarios a necesidade de revitalizar a feira de gando melidense, así como a urxencia de desenvolver en todo o municipio procesos de concentración parcelaria imprescindibles para o rural.

Outra das deficiencias que ASETEM-CCA trasladou

ao PSOE local foi a relativa ás vías de comunicación que unen a capital melidense cos concellos próximos. Os socialistas afirmaron que a mellora do vial de Visantón xa está en marcha, e coincidiron cos empresarios na necesidade de mellorar a comunicación co concello de Sobrado.

Estética Sun-Si: cinco anos en Melide

Sun-Si: a natureza e a innovación postas ao servizo da beleza

*O salón de beleza
ofrece servizos que
van dende
tratamentos reductores
a depilacións*

O un de agosto estética Sun-Si cumprirá o seu quinto aniversario. Medio lustro que foi suficiente para que o salón de estética de Susana Segade se asentou en Melide, fidelizando unha clientela tanto de mulleres coma de homes que non dubidan en acudir a Sun-Si para poñerse ao día nos últimos tratamentos.

O gusto de Susana polo mundo da estética foi precisamente o que a animou a cursar estudos de Perruquería por un módulo de Formación Profesional, e máis tarde de Estética. Agora, tras anos no mundo da estética, reconece a súa pasión pola súa profesión, sobre todo por todo o referente a tratamentos de beleza, un dos servizos que ofrece en Sun-Si.

Manicuras, pedicuras, tratamentos de hidratación facial, corporal, reductores, depilacións, e todo tipo de traballos pensados para o benestar do corpo teñen o seu oco nas cabinas de beleza de Sun-Si, reclama-



Estética Sun-Si leva xa cinco anos en Melide

dos tanto por mulleres coma por homes. E é que os tratamentos de beleza, comenta Susana, están cada vez máis normalizados nos homes. *Os homes estanse animando moito, porque veñen a facer dende depilacións ata tratamentos de limpeza ou ao solarío.*

A constante evolución que caracteriza ao mundo da estética obriga a Susana a renovar a oferta de tratamentos moi amiúdo, *porque a xente coñece novos tratamentos a través da*

publicidade, e demandas, co cal tí tes que ofrecerllos. Iso sí, sempre tratamentos asequibles e acordes cos salarios da zona, comenta Susana. A tendencia, apunta tamén a esteticista, é a empregar cada vez produtos máis naturais e que fuxan de posibles alerxias.

Verán

Coa chegada da primavera as cabinas de Sun-Si comezan a ferver. O bo tempo anima á xente a mellorar o seu aspecto, e os tratamen-

tos multiplícanse. O solarium, as depilacións, os tratamentos reductores son o máis demandado ante e durante o verán. Ademais, unido ás celebracións de vodas, comunións e festas, fai que a xente se achegue con moita máis frecuencia aos salóns de estética. Clientes de toda a comarca e de concellos veciños coma Palas de Rei ou Arzúa, coñecen ben os tratamentos que ofrece Sun-Si, e que Susana recomenda de xeito personalizado a cada persoa.

***Para prepararse
para o verán, o
básico é unha
limpez e unha
hidratación***

A proximidade dos meses de verán fai que esta sexa a época indicada para facerse tratamentos corporais, limpeza, e hidratacións, *porque prepara a pel para o verán, e unha pel coidada sempre admite un moreno moito máis bonito.* A recomendación de Susana de cara ao verán é clara: *unha limpeza corporal e facial, e unha hidratación. A pel é única, e hai que coidala.*

Tratamentos

Entre os tratamentos que Sun-Si ofrece aos seus clientes e clientas están os hidratantes con chocolate, unha liña con vainilla, coco ou piña. Todo tipo de tratamentos con froitas, reductores con café, etc...

Precisamente coa chegada do verán incrementase a demanda de programas de tratamentos reductores, entre os que Susana Segade ofrece un a base de té verde.

As maquillaxes con produtos do maquillador profesional Jorge de la Garza, ou tratamentos faciais con bases naturais de froitas tamén se poden atopar en estética Sun-Si.

Recibe
Cerne no
teu fogar

Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

CANDIDATURA INDEPENDENTE DE SANTISO (C.I.S.)

PROGRAMA ELECTORAL SIMPLIFICADO

O Concello de Santiso é rico en recursos naturais polo seu clima e polo seu solo, pero está moi por debaixo das súas posibilidades en infraestructuras e desenvolvemento dos sectores de produción.

Este subdesenvolvemento vese patente nas súas vías de comunicación internas, que non se corresponden cos temos en que vivimos, tendo en conta o pulo que tiveron as infraestructuras en Galicia dende a nosa entrada na Comunidade Económica Europea.

Nós cremos que para un desenvolvemento sostible de Santiso é preciso a construción da autoestrada Lugo-Santiago e logo crear eixos interiores que deñan fácil acceso ás vías rápidas.

Outro gran problema para o desenvolvemento do Concello son a falta de servizos fundamentais, como son un abastecemento público de auga potable e un saneamento integral dos núcleos de poboación máis importantes:

-A política que se está a seguir co servizo de augas, a través dos pozos, é totalmente negativa porque iso só serve para núcleos pequenos e porque as capas freáticas baixan según aumenta a sequía e ós poucos anos, os pozos xa non terán auga.

-As obras de saneamento tamén son moi importantes, xa que en moitos núcleos as augas fecais vértense directamente á vía pública e ás fincas privadas, contaminando as augas do subsolo. Estes vertidos están prohibidos, pero algúns veciños non teñen outra alternativa.

Este desenvolvemento do que falamos para Santiso, unha vez que teñamos os servizos necesarios, pas pola modernización dos sectores de produción existentes e pola creación dun gran parque industrial no Maniño, pé do enlace coa autoestrada, que xeneraría emprego para os veciños de Santiso que o precisen e para os nsos emigrantes que queiran retornar.

É necesario organizar o sector agropecuario para a produción de derivados do campo e para elo é preciso contar con sistemas de rego para os meses de calor, que é cando as terras máis producen, a parte de un órgano de comercialización de produtos.

Temos que tentar que a xuventude, que é a que vale para traballar, non se vaia de Santiso, pois o factor humano é primordial nos sectores de produción e, por outro lado, non se desmembran as familias, quedando as persoas maiores soas, nunha situación precaria.

A forma de que a xuventude non marche é darlle traba-



llo estable e unha vivenda digna para que a súa vida tamén poida ser digna e para o cal é necesario crear a riqueza precisa. En canto a vivenda, faremos en Arcediago unha urbanización de protección oficial na finca que o Axuntamento posúe donde era a antiga casa do Concello.

Para a xente xubilada é necesario construír, tal como está programado, o Centro de Día, donde se reunirán, os que

queiran facelo, a través dun transporte gratuíto, para pasar amenamente a xornada diurna e logo retornar ás súas casas para pasar a noite coas súas familias.

Nós temos pensado, dende o Grupo Municipal, ser representantes, ante as nosas administracións, dos veciños de Santiso que se atopen na emigración para resolver os problemas que se plantexen a cada un, amparándose nos principios legais establecidos. Tamén darlles acceso ó traballo e vivenda ós que queiran retornar, do mesmo xeito cós que viven aquí.

En Santiso destacan, de forma especial, a promoción da música e do fútbol, estando nestas dúas facetas lúdicas moi por encima de concellos de maior poboación, polo que temos que incentivar ás persoas que están a facer estas promocións a favor da nosa xuventude e da nosa infancia, para que tamén teremos debidamente dotados os centros escolares.

Aínda que quedan moitas intencións sen describir nin especificar, e que temos pensado levar a cabo dende o Goberno Municipal, imos rematar este programa simplificado coa SANIDADE. Non fai moito, presentamos unha moción no Concello para que se dote ós nosos cidadáns dun médico máis, acordouse por unanimidade facer as xestións oportunas, sen resultado ata o momento. Non nos parece razoable que o veciño Concello de Antas de Ulla, cunha poboación semellante á de Santiso, teña tres médicos e nós un só, sen contar, ademais con servizo algún de pediatría. É un problema que temos que resolver.

CRÓNICA | Primeira festa da xuventude de Visantoña

Non todo é botellón...

O mal tempo non conseguiu restar ganas de festa aos milleiros de mozos, e non tan mozos, que se achegaron a Visantoña

A chuvia que caeu a caldeiros en Visantoña non foi suficiente para persuadir a milleiros de mozos, e non tan mozos, que se achegaron ata a localidade para tomar parte na primeira festa da xuventude da parroquia. O movemento comezou cedo; á hora da cea varios centos de persoas organizábanse como podían, e agardaban o seu turno, para poder cear polbo e churrasco na carpa

anexa ao campo da festa, tamén cuberto para a ocasión. Coa música de Costa Oeste de fondo, e cos mozos de Visantoña traballando arreo toda a noite de camareiros no improvisado restaurante e nos bares preparados para a ocasión, comezou o movemento. Cando chegou o turno do primeiro pase da orquestra Philadelphia, a dobre carpa que cubría o campo da festa xa semellaba quedarse pe-


queno para albergar aos centos e centos de persoas que se achegaron a Visantoña. Nin no San Agustín. Chegou entón o turno para París de Noia, que ao igual cás súas predecesoras, cumpriu á perfección coas expectativas dos festeiros, que soportaron impasivos a choiva e o frío. Entre baile e baile pasaron as horas, e co público entregado, as orquestras puxeron fin á festa da xuventude.



Centos de persoas cearon no campo da festa



Os mozos de Visantoña exerceron como camareiros



A festa prolongouse ata preto das sete da mañá



O IES

Dezasete obras optan ao sétimo certame de creación literaria Terra de Melide

Un total de dezasete obras optan ao VII premio do certame literario Terra de Melide, convocado polo concello melidense. O pasado 15 de marzo pechouse oficialmente o prazo para presentar obras. Todos os traballos están escritos en lingua galega e son traballos inéditos. O vindeiro 7 de xuño darase a coñecer o nome do título gañador, data que coincide coa publicación do libro

Terra de Melide, editado por Nós no 1933.

O certame literario Terra de Melide está dotado con 6.000 euros e a publicación da obra, da que se encargará edicións Xerais.

Pecados capitais

Precisamente foi o selo de edicións Xerais a editorial encargada de editar a obra *Os pecados capitais*, de Francisco A. Vidal, a obra gañadora do certamdo

2005.

Foi a primeiros de mes cando se celebrou no salón de plenos do concello un acto de presentación da obra ao que asistiu o gañador do certame, Francisco Vidal, así como varios membros da corporación e integrantes do xurado do premio. *Os pecados capitais* atópase xa nas librerías grazas ao milleiro de exemplares que compoñen a primeira edición.

CRÓNICA | Un día de pesca

Os afeccionados disfrutan da tempada de pesca

A campaña está en auxe, e achega cada fin de semana a dúcias de pescadores ás marxes fluviais da comarca

Botas ata a cintura, unha cana cos seus complementos, un cesto, un pucho e paciencia, moita paciencia. Este é o equipamento básico que afronto a miña primeira xornada de pesca, como mera testemuña, claro. O pasado mes deu comezo a tempada de pesca, e os afeccionados a este deporte están a disfrutar dunha campaña que para algúns é boa, para outros moi boa, e para os menos, é mala. E é que cada un ve a feira como lle vai nela.

Van dar as catro da tarde, e comeza o noso periplo pesqueiro. O espazo elixido é o río Furelos ao seu paso pola parroquia de Barazón, no concello de Santiso. Dende o día no que se abriu a tempada, unha mancha de coches ocupan as marxes do río ao longo de varios quilómetros. Veciños e visitantes apro-

veitan dende o primeiro raiolo de sol para tentar meter ao cesto o maior número de caputras posible, dentro do permitido, claro.

Cos meus compañeiros de tourné baixamos ata a beira do río. As augas flúen transparentes, pero deixando percibir un tono case verdoso. Cada un dos integrantes da nosa comitiva pesqueira apóstase nun sitio diferente, e así comeza o ritual.

Lanzan e recollen o sedal unha e outra vez coma se se tratase dun paso de baile que hai que ensaiar. O cebo escollido para esta tarde é a culleriña. Segundo me indican, as boas condicións climatolóxicas e as correntes que debuxa o propio decorrer do río animan ao uso dese aparello. Unha, dúas, tres, e así ata infinidade de veces lanzan e recollen o sedal, pero sen éxito.



A paciencia descóbrese como fundamental para afrontar unha xornada de pesca

A paciencia é practicamente imprescindible para os que queiran disfrutar da pesca. Roberto lembra que o primeiro día da tempada, no primeiro lanzamento xá picou a primeira, un exemplar que, por fortuna, superaba os 19 centímetros mínimos para as troitas capturadas no Furelos. A colleita pesqueira ata o momento non se lle deu mal, oito troitas en dúas xornadas. Coméntame que cada vez que capturas un exemplar, anímate para seguir adiante.

O tempo vai transcorrendo,

e os metros comezan a contarse por centeas. E é que ademais da tranquilidade do entorno, a pesca garante quilómetros as costas. Nunha tarde normal podes andar sobre seis sen problemas, aclárame Roberto. Hoxe é domingo, e os afeccionados apuran a tarde, posto que mañá, luns, non poderán disfrutar da pesca ao tratarse dun día inhábil para as zonas non acotadas. No tramo acotado que vai dende a Ponte da Fraga en Toquea á Ponte Romana de Melide, ao luns súmaselle tamén o xoves. Ademais, os

permisos outorgados para cada xornada limítanse a 6 os días laborais, e 15 os festivos e as fins de semana.

Entre tiradas e recollidas de sedal, algún que outro percanse coas árbores da marxe do río, e rodeados da máis absoluta tranquilidade, transcorre a miña tarde dominical. Por sorte, ou por habilidade, a ansiada captura chega en forma de troita duns 20 centímetros e surcando a auga. Din os afeccionados que é toda unha satisfacción. Agora, a seguir disfrutando.



O IES

A Semana das Matemáticas amosou no IES o lado divertido da materia

Do 26 de febreiro ao 2 de marzo o IES de Melide organizou a Semana das Matemáticas, unha serie de actividades lúdicas e educativas enfocadas a achegar aos alumnos a parte máis divertida da materia, desbancando así a imaxe difícil e abstracta que acostuma asociarse coa disciplina.

Dúas exposicións interactivas (*Xeometría 3D* e *Explorando coa luz*) estiveron instaladas durante toda a semana na biblioteca xunto con *Ilusións ópticas*. Para aproveitar o tempo de lecer,

durante os recreos organizáronse matecross, competicións contrarreloxo lúdico-matemáticas por grupos, ás que se sumou tamén a visita do contacontos Julio Taboada coa representación *Contos xeométricos*.

Outra das actividades lúdico-educativas programada foi a proxección do filme *O indomable Will Hunting*, que se completou con varias representacións teatrais dos *Divertimentos Matemáticos* de Ismael Roldán, dentro do *Teatromático*. *Ángulos bastante agudos*, *Matemáticas por un tubo*,

Noticieiro teatromático e *Xunta ordinaria de quebrados* foron os títulos que representaron os alumnos do IES melidense.

Conferencia

Unha das actividades centrais do programa da Semana das Matemáticas foi unha charla-debate organizada en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela. O profesor universitario Enrique Macías Virgós achegouse ata Melide para falarlle aos alumnos de *As matemáticas no século XXI*.

Dúas agrupacións de baile tradicional e varias actuacións individuais completan o programa Nove grupos de gaitas participarán o día 29 na terceira edición da Foliada

A organizaicón tamén programa obradoiros, unha mostra de artesanía e unha conferencia

O 29 de abril o pazo de congresos melidense acollerá a terceira edición da Foliada, organizada pola Asociación Cultural e Musical O Castelo. Artesanía, música, baile tradicional, obradoiros e exposicións sucederanse ao longo do día.

As 11 horas está previsto que se abran as portas do pazo de congresos para que os visitantes poidan desfrutar das exposicións que se organizarán: *Mostra sobre o traballo desenrolado pola Asociación de Gaiteros Galegos, e 15 anos de música e baile* da Agrupación Folclórica Castelo. A parte máis teórica da xornada correrá a cargo da Asociación de Gaiteros Galegos, que organizará o *II Seminario de Palletas e pallóns para gaita galega* no edificio multiusos.



Vá

Durante toda a mañá sucederanse diversas actividades entre as que se programa un obradoiro de xogos populares a cargo da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Tamén pola mañá está previsto que os melidenses Titeres Tres Globos representen a obra *Pedro e o lobo*. A mediodía está pre-

visto un taller sobre a fía e a mostra de baile tradicional, que desta volta correrá a cargo das Brisas do Quenllo de Numide, de Tordoia, e do Grupo de baile tradicional Xirandola, de Bandeira. Tralas actuacións, terá lugar un xantar popular no propio pazo de congresos.

Xa pola tarde chegará o

turno da música. As actuacións de Miro Casabella, de Benigno Penas coa harmónica e do cantor tradicional Xosé Sánchez darán paso a un obradoiro infantil sobre os maíos.

Arredor das 19 horas comezará unha marcha gaiteira que percorrerá varias rúas melidenses e na que tomarán parte nove agrupa-

Unha trintena de artesáns tomarán parte na mostra

Outra das actividades que se mantén este ano é a mostra de artesanía. Unha trintena de artesáns chegados de toda Galicia xa confirmaron a súa participación na Foliada.

Respecto ás exposicións que estarán abertas durante toda a xornada, os visitantes poderán atopar unha mostra representativa dos 15 anos de vida da Agrupación Folclórica Castelo que inclúe fotografías, unha escolma de artigos en prensa, unha mostra de traxes rexionais e mesmo vídeos coas súas actuacións máis importantes.

Está previsto que participen na marcha O Castelo, Axóuxere, Froito Novo, Os Melidaos, A Maristela de Sobrado, os agolenses Bico da Balouta, o grupo de gaitas Charamela de Antas de Ulla, Pao de Buxo de Sáidres, en Silleda, e o grupo de gaitas Lume na Lareira, de A Estrada.



Me

Os alumnos do colexio de Arcediago celebraron a semana da prensa

Os alumnos do colexio de A Ponte, en Santiso, celebraron a semana internacional da prensa coñecendo de primeira man o proceso que abrangue dende a busca da información ata a impresión dun xornal. Durante toda a semana os alumnos traballaron con diferentes xornais dividindo o traballo entre clases e seccións. Para concluir, confeccionaron un mural formado polas seccións que compoñen un xornal, e nas que constaban as novas seleccionadas polos estudantes ao longo

da semana. Para completar as actividades, dúas xornalistas acudiron ao colexio para explicarlle aos alumnos en qué consiste o seu traballo. As preguntas dos rapaces foron as protagonistas do encontro, no que demostraron os coñecementos adquiridos ao longo da semana traballando cos xornais.

Outra das visitas que recibiron os escolares o mes pasado foi a de efectivos de protección civil, que lles explicaron tamén en qué consiste o seu traballo.


Día de criticar ao mundo

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

Comezo este artigo no Día Internacional da Auga, 22 de marzo, e cunha pequena reflexión. Non sei se é percepción miña ou se é certo que os *días de* ou *días contra* están cada vez máis bastos. Día da muller, día da auga, da sida, da pobreza, do racismo, do pai, da nai, dos namorados, do traballo, dos defuntos, dos dereitos do neno (e da nena, non?); o día das letras, día sen compras, sen coches, día da paz, do cancro, do medio ambiente, da árbore, dos museos, do libro,... e unha restra que continuaría ata a eternidade. E despois de todo isto, toca pararse un momento e pensar: non por falar máis das cousas se volven

máis intensas, nin o feito de repetilas as reafirma. Os bicos non saben mellor canto máis se dan; ao contrario, canto máis frecuentes, moitas veces, máis perden o seu sabor máximo. Así tamén eu penso que os bos desexos, as causas polas que loitas e os sentimentos a reivindicar perden a súa forza orixinal e a súa esencia cando se converten en movementos de masas defendidos porque está de moda. É curioso que os principios poidan poñerse de moda. Dicía Groucho Marx: Estes son os meus principios. *Sen non lle gustan, poden cambiarlos*, e a cita está máis ca nunca de actualidade. Eu reivindico as causas

defendidas dende o convencemento, porque un/unha o sente, non porque o mundo diga que hoxe toca vestirse de militante dunhas causas esquecidas das que no resto do ano nin nos acordamos. Está de moda ser reivindicativo, protestar, esixir e ofrecer visións críticas pero normalmente toda a paixón desas críticas vaise pola boca, asóciase a unha data e queda en nada. Que activos somos todos! Que conciencia máis plural e máis áxil cando hai grupos que nos apoian na protesta. Agora ben: cando un/unha decide pensar distinto ou apostar por unha causa perdida todo o ano, é un bicho raro con ganas de chamar a



O 22 de marzo celebrouse o Día da Auga

atención. Por min, que abolan os *días de*, ninguén me preguntou se as causas que se estaba de acordo con enchoupar un día da

miña vida cunha temática concreta. Por certo, quen se encarga de determinar a causa que temos que defender cada día?

Adeus ó meu lar

ANA IGLESIAS PALLARES

A reo se da a situación que Rosalía nos contaba.


Os labregos ou descendentes deles temos que trocar a veiga polo mar ou alomenos por outro lugar onde se ofrezan máis oportunidades. Nacemos no mellor dos ambientes que podemos imaxinar. Dende cativos cruzamos a rúa sen mirar os dous lados, vestimos con roupas desleigadas, andamos na terra, coidamo-la horta, ou mantémo-lo gando. Vivimos en liberdade.

Sen embargo pasan os días e atopámonos con que no noso lar temos unhas obrigas cos nosos, é decir: ca terra, ca casa... Un traballo sen moito futuro pero con moito sacrificio. E decidimos marchar na procura de algo mellor.

Chegamos a unha urbe por primeira vez. So se escoita barullo. No mellor dos casos é un lugar preto do teu lar onde coñeces a lingua e todo parece que sairá ben. Pensas, aínda que equivocado, que a tua vida segue en Melide. Estarás alí única e exclusivamente para traballar e ó acabares collerás as tuas cousas para

volver ó teu lar ata a seguinte semana.

Procuras un oco onde descansar do traballo (nin sequera onde vivir) e acomódaste. O labor vai



ben. Non ten moito que ver co traballo escaso e enriba esclavo, da casa. Por unha vez cando remata o teu turno soltas o boli, saco, ladrillo... e ata o luns non te lembrás máis dese lugar. A morriña segue presente, e os teus seguen a uns

kilómetros de alí. Voltas para a casa cada semana, ou mesmo cada día.

Pasan os anos e cada vez estás máis canso. No traballo mesmo chegas a coñecer a unha morea de amigos que lograrán que ti descubras a cidade onde *traballas*, que non; vives. Descubres o bonito que é pasear a carón do mar, as praias, un dos faros máis antigos do mundo e mesmo pódeste subir nun deses autobuses horteras que che dan unha volta pola cidade. Pero iso non é todo. Unha desas rapazas do traballo que che ensina a cidade acabárase convertindo na tua muller.

Estarás casado e entón saberás que nunca vas voltar. Ti estás contento, tes unha muller marabillosa e sabes que teus fillos teñen máis oportunidades alí, ou quéreste convencer diso porque segues estranando o teu lar.

Os cativos medran e afincan as súas raíces nesa cidade que para eles é o seu lar e moi pronto tamén para ti.

O traballo cólmate, e os estudos dos pequenos. Con sorte poderás acodir dúas veces ó mes a ver a teus pais e non moito máis. Agora o teu lar cambiou de lugar e Melide convertírase na túa "Aldeia"

A Banda Municipal de Melide na II República (1931-1936)

Xosé Domingos Fuciños Gómez

A Banda Municipal de Melide, nace no ano 1932 por acordo do Pleno municipal, sendo Alcalde D. Inocencio Fuciños Quintás. Bandas precedentes en Melide foron a *Banda do Manco* (1914), sendo director Xesús Ríos Vázquez; *Banda de Moldes*, sendo director Juanito de Teillor; a *Banda de Sta. María* (1897); a *Banda de Torriña* e logo en Santiso a *Banda de Vilardeferreiros* (actual Visantoña), e en Toques a *Banda do Ruzo da Bragaña*. O primeiro Director da *Banda Municipal de Melide* foi D. Andrés Blanco Fernández *Rebornecho*, natural de Santiago, músico da Banda Municipal de Santiago e Director de varias Tunas Compostelanas. A Banda de Melide debutou o día 26 de Xuño de 1932. Outros Directores foron: D. Andrés Vilariño de Brántega (Ago-

lada), Castaño e logo o amigo D. Emilio Otero Val, natural de Antas de Ulla e Director dos *Coros Aires de Melide* (xunto co Sr. Emilio Mejuto), do *Coro do Galego* do Centro Galego de Santander. Os instrumentos de primeira calidade eran de procedencia Checa e foron mercados a *Sucesores de Canuto Berea* da Coruña. Por desgracia ó remate da guerra incivil foron vendidos por unhas concelleiros iñorantes da valía dos instrumentos. Amais de tocar nas festas da vila: San Pedro, Carmen, San Roque, polo verán e no Kiosco da música nos



A banda municipal de Melide en 1934. Á dereita, cartel propagandístico da banda

Xardíns de San Roque (antigo campo da Feira), daban concertos os domingos despois da misa das doce. Por mor da guerra rematou a Banda Municipal de Melide, aínda que algúns músicos seguíran tocando até principios do anos cuarenta.



Cousas de onte



Entrada para o estreno en Melide do filme **Flor de Argelia, 1929**
Arquivo dos irmáns Fuciños Gómez (Casa de Pita)

PARAPSIKOLOGIA
CIENCIAS OCULTAS
CONSULTORIO
Por Ángel Curtis

PREGUNTA
Mi horóscopo me da como piedra de la suerte, el jade, me puede decir qué significado tiene esta piedra.

RESPUESTA
Esta piedra tiene una gran importancia y simbolismo, sobre todo entre los chinos, para ellos tiene un significado parecido al oro. Se relaciona también con el "yang", y representa la fuerza que sale de la energía del cosmos, todo lo vital depende

ría del jade.

Todos los estudiosos coinciden en relacionar el jade

con las virtudes que se atribuyen al cosmos, y que son : pureza, invariabilidad, brillantez, equilibrio y benevolencia. Aparece también con la significación emblemática del agua de lluvia necesaria para dar vida a las plantas y a todos los seres orgánicos, por eso el jade se asocia con todo lo que nace y se desarrolla.

PREGUNTA:
¿Es verdad que en una persona que ve un OVNI, se dan luego fenómenos paranormales y extrasensoriales?

RESPUESTA:
Los OVNIS, además de

poder ser vistos, estimulan los órganos sensoriales auditivos, incluso generan estímulos olfativos, que se forman debido a la energía que irradian. El cuerpo humano puede responder de varios modos, existe una relación de síntomas, y son: parálisis temporal, total o parcial, imposibilidad de moverse y dolor en las extremidades, escalofríos, somnolencia, dificultad en la respiración, daño en los ojos y atontamiento. En algunos casos se produjo histeria y shock emocional, que precisó de tratamiento médico. En cuanto a fenómenos extrasensoriales, solo se están empezando a estudiar, se cree que pueden existir entre las personas que vieron OVNIS posibles mutaciones, pero la investigación todavía no puede asegurar que se produzcan fenómenos paranormales.

No colexio de Arcediago aprenden educación vial

Por: Lorena Mejuto Sanguiao (5º curso-10 anos). CEIP Arcediago

O día 15 de marzo, o CEIP de Arcediago, recibíu a visita de Marisol e Manolo, dous membros do grupo de Protección Civil de Arzúa, que acudiron ó centro para falarlles ás rapazas e rapaces sobre educación vial.

Primeiro deron unhas cuantas normas de comportamento na rúa, no autobús, na estrada, nos paseos en bicicleta, ...

A continuación puxeron uns videos nos que se podía ver en imaxes o que antes escoitaran na voz de Manolo.

Aprenderon moitas cousas:

- Que hai que poñer casco para ir en bici.
- Que hai que poñer sempre o cinto no coche e máis un asento especial para os máis pequenos.
- Que hai que mirar ben antes de cruzar.
- Que hai que comportarse ben no autobús.

- ...

Ó final, e para rematar, repartiron uns folletos nos que quedaba resumido todo o que alí se falara.

O colexio de Arcediago celebra a semana da prensa

Por: Alba Loureiro Vázquez (6º curso-12 anos). Colexio de Arcediago

Ó longo da semana do 12 ó 16 do mes de marzo os alumnos e alumnas do CEIP de Arcediago (Santiso) celebraron a Semana da Prensa coa realización de distintas actividades.

En cada unha das aulas traballáronse as distintas seccións dos xornais, na procura de noticias boas que puideran utilizar para a confección dun novo xornal ó que bautizaron como "POSITIRIÓDICO". Estas noticias foron colocadas nunhas cartolinas que constituiron as distintas seccións do novo xornal.

Como remate desta semana, o día 16 acudiron ó centro dúas xornalistas, Lorena (La Voz de Galicia-Lalín e Cerne) e Natalia (La Voz de Galicia-Melide) para explicar como é un xornal, por qué está formado,...

Ó comezo da charla repartiron varios exemplares do xornal "Cerne" para que os nenos e nenas foran observando o que elas explicaban, así como


tamén se apoiaron en imaxes de ordenador para a mellor comprensión das explicacións.

Contaron, entre outras cousas, as distintas canles polas que

reciben as noticias, como se elixen, como se escriben, como se envían á imprenta, ...

Unha vez rematada a súa intervención, tódolos nenos e nenas poideron facer preguntas sobre as cuestións que non lles quedaran claras ou outras das que non se falara.

Unha das cousas máis importantes que dixerón foi que para o traballo de xornalista é básico ler moito.



É o momento. Por tí. Por Toques.

Agrupación socialista de Toques



Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS		981505012
UrxenciasSanitarias.....061	Consevatorio	
Bombeiros.....080		981507100
Incencios Forestais.....085	Polideportivo	
Policía Municipal		981507752
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade	
Melide.....981505003		981505706
Policía Nacional.....091		
Garda Civil		981505390
Urxencias.....062	Albergue Xuvenil	
Melide.....981505007		981507412
S.O.S		
S.O.S Galicia.....112	Albergue do Peregrino	660396822
Protec.Civil.....670498848	Centro Ocupacional	981505003
TRANSPORTES		
Renfe		
Nacional.....902240202	A.S.E.T.E.M	981506188
A Coruña	Fundación Terra de Melide	981507244
Santiago	I.E.S. de Melide	981505162
Autobuses		
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº1.....	981505238
Santiago.....981542416	C.E.I.P nº2.....	981505929
Melide.....981505204	Gardería.....	981505003
Aeroportos		981 507742
A Coruña.....981187200		
Santiago.....981547500		
Vigo.....986268200		
SANTISO		
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		
Atención ao cidadán	Casa do Concello	981818501
981120012	Centro de Saúde	
Valedor do pobo	Agrochao.....	981517803
981571900	Visantoña.....	981510749
Economía facenda	Xulgado de Paz	981 818501
981545151		
SOBRADO		
Industria e Comercio	Casa do Concello	981787508
981544341		
Sevizo Galego Colocación	Desenvolvemento local	981787508
981125000		
Teléfono da Muller	Centro de Saúde	981787744
900400273		
Teléfono do Menor	Mosteiro de Sobrado	981787509
900444222		
Dirección Xeral de Tráfico	Xulgado de Paz	
900125505		
Correos.....902197197		
Auga.....981242322		981787508
Electricidade.....981147200		
Gas.....900760760		
TOQUES		
MELIDE		
Casa do Concello	Casa do Concello	981505826
	Centro de Saúde	981507301
981505003	Xulgado de Paz	981505826
Centro de Saúde		
981506176		
Servizos Sociais		

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á Cafetería Marta	Domingos e festivos:
	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
	20.20
A CORUÑA - MELIDE	Parada fronte á Pizzería Xoldra
De luns a Venres:	
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25, 20.50,
19.00	21.50 (só venres lectivos)
	Sábados:
MELIDE - FERROL	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
De luns a venres:	19.25
Non hai liña	Domingos e festivos:
Sábados:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Domingos e Festivos: 19.15	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
Parada fronte á Cafetería Marta	
	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
FERROL - MELIDE	Luns a venres laborables:
De luns a venres:	Saída de Fondevila: 10.20
Non hai liña	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último de mes:
10.30	Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00
17.00	Último domingo de mes:
	Saída de Fondevila: 7.45
MELIDE - OURENSE	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
De luns a venres:	
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	
Sábados:	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Martes e venres laborables:
Domingos e festivos:	Saída de Folladela: 8.30
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	Saída de Melide: 12.30
20,00	Domingos excepto último de mes:
Parada fronte á Cafetería Marta	Saída de Folladela: 8.40
	Saída de Melide 13.00
OURENSE - MELIDE	Último domingo de mes:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Sábados:	
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	
19,15	
Domingos e Festivos:	
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	
21.00	

ABRIL
-Luns 2: curso de manip- ulador de alimentos na sede de ASETEM-CCA. Comezará ás 17 horas.
-Celebración do día do libro infantil na bibliote- ca municipal.
-Ciclo de cine: no edificio multiusos, ás 17 horas, proxección de <i>Cariño, estoy hecho un perro</i> .
-Martes 3: ciclo de cine no edificio multiusos. Pro- xección do filme <i>Pérez, el ratoncito de tus sueños</i> .
-Mércores 4: ciclo de cine no edificio multiusos ás 17 horas, proxección de <i>Mi super ex-novia</i> .
-Celebración da Semana Santa coa organización de diferentes actos relixiosos e procesións.
-Martes 10: visita de Ana Rúa a Melide. Acudirá á sede de ASETEM-CCA para tratar a situación acu- tal do pequeno comercio. É un acto aberto para todos os melidenses.
-Sábado 14: II campionato de pesca Terra de Melide. Será no río Furelos, e está organizado pola Aso- ciación de Troiteiros Río Furelos.
-Xoves 19: excursión dos socios e socias do centro social de Meide a San Andrés de Teixido.

JOSÉ ANTONIO PAMPÍN, XERENTE DE TECNAMELIDE

Co servizo 24 horas estamos sempre dispostos para calquera urxencia

A pesar de que non sente paixón polo mundo do motor, José Antonio Pampín leva preto de tres décadas convivindo diariamente con rodas, motores e pastillas de

freno. A empresa que dirixe leva 20 anos ofrecendo servizo e rapidez na Terra de Melide, e máis aló. As rodas e a mecánica rápida non teñen segredos para él.


Con dúas décadas ás costas, Tecnamelide é unha das empresas melidenses de referencia á hora de falar de rodas e mecánica rápida, os dous eixos sobre os que pivota o negocio da empresa, xunto co lavado de vehículos. José Antonio Pampín é o seu xerente.

-Cómo comeza un nun negocio coma este?

-Empecei hai 27 anos como empregado dun servizo de rodas, e logo comecei eu xa. Daquelas era un negocio que non me gustaba, pero había que buscar un emprego, e comecei nisto. Logo colles a costume, e vas tirando, ata o de agora.

-Qué servizo ofrece Tecnamelide aos seus clientes?

-O lavadero témolo como complemento aos outros servizos, é un aspecto complementario. As rodas son o núcleo duro da empresa, xunto coa mecánica rápida. A venta de neumáticos e a súa reparación foi sempre o máis importante para nós, e séguese sendo. A nivel de mecánica, ofrecemos un



José Antonio Pampín leva máis de vinte anos no negocio das rodas e a mecánica rápida

ce Tecnamelide é o servizo 24 horas de rodas e mecánica rápida, non?

-Sí. Temos un servizo de garda permanente para atender calquera urxencia dos nosos clientes.

Agora está todo moito máis controlado, e con mellores sistemas de seguridade

servizo de mecánica rápida que pode ir dende cambios de aceite, pastillas de frenos...

-Atendedes a todo tipo de vehículos, ou só coches?

-Sobre todo estamos centrados en turismos, furgonetas e agricultura.

-E camións non?

-Camións tamén traballamos bastante, pero é un sector no que tes moito volume e pouco marxe.

-Un dos servizos que ofre-

-Ademáis de na zona de Melide, desprazádesvos a outras comarcas?

-Cubrimos unha zona moi ampla. Mesmo temos ido a Portugal, Valcarcel, ou Benavente. O ámbito que cubrimos chega ata Portomarín, Guntín, Paradela, Rodeiro, e mesmo zonas da Fonsagrada.

-E como se conseguen clientes tan lonxe?

-Pois moitos xa son clientes desta zona que están traba-

llando por aló. Por exemplo, hai empresas madeireiras da comarca que traballan en Ourense e que teñen calquera problema, e que nos chaman a nós. Dispoñemos dun todoterreno co que achegarnos a calquera sitio, dese xeito podemos efectuar a reparación. Moitos clientes pertencen a cooperativas, e teñen calquera problema, e organizannos para chamarnos. Imos a Ponferrada, ao Courel... Uns danlles o noso teléfono a outros, e así acabas sumando clientes.

-Entón, ao final, a clave de todo isto, acaba sendo o servizo que ofreces?

-Exactamente, nin máis nin menos. A xente quere o servizo canto antes, e o mellor feito, e punto. En moitas ocasións a xente nin tan sequera pide presuposto.

-Cantas persoas estades a traballar en Tecnamelide

para cubrir as necesidades dos clientes?

-Somos seis persoas coa administrativa. Entre os cinco mecánicos repartímonos as gardas para estar sempre dispostos para calquera urxencia. É un servizo que lle hai que ofrecer aos clientes para garantir a súa satisfacción. É a nosa obriga servir aos clientes.

-Entón, hai negocio para todas as empresas, ou a

pensar na competencia. Pero tamén creo que é boa a competencia, porque fai que estés máis ao día.

-Dende que comezaches ata agora, evolucionou moito o traballo e o xeito de traballar?

-Sí cambiou. É normal que cambien. Mudaron dende o xeito de traballar ata os sistemas de seguridade. Agora está todo moito máis controlado e con maior seguri-

Competencia haina en todos os negocios, pero creo que é algo positivo

competencia é moi dura?

-Hoxe competencia haina en todo, e eu penso que é positiva. Levo 20 anos nisto, e a verdade é que nunca tiven problemas. Vou ao meu, atendendo o mellor posible ao cliente, e sen

dade. É normal, porque mesmo agora a xente está moito máis preparada. Hai vinte anos calquera se poñía a montar unha roda sen ter moita idea, mentras que agora cando o fan, están preparados.

Editorial	P2	Cultura e lecer	P19
Opinión	P3	Colaboracións	P23
Melide	P4	Axenda	P26
Comarca	P 10	A entrevista do mes	P27
Empresa e comercio	P16	Contraportada	P28

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).

Nº26. 1 de abril -1 de maio de 2007. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

NÓS TAMÉN LEMOS!



Polo fomento da lectura en galego.

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego



Certificado pola
Denominación de Orixe

www.arzuu-ulloa.org
comercial@arzuu-ulloa.org
 986 26 16 00 / 986 26 16 01

Xunta de Galicia
 Consellería de Agricultura, Pecuaria e Pesca